

Comisión de Seguimento do Acordo de Provisión de Postos

Hoxe tivemos reunión da Comisión de Seguimento do Acordo de Provisión de Postos, a Administración informounos das seguintes cuestión:

- O panel do CTH publicárase a semana que vén, seguramente o martes. A relación de prazas a convocar será de 410 destinos (dos cales 122 son asegurados e o resto posibles).
- Neste panel sairán prazas adscritas ao Centro de Asistencia Dixital (ADI,S) de Valencia, coa clave horaria H10, circunstancia que estará especificada na convocatoria. Posteriormente, nos próximos paneles de Axentes e C1, haberá prazas con estas características. Nestas prazas poderanse valorar idiomas cooficiais (tamén o galego). Esta circunstancia queda por escrito na adenda do panel asinada no día de hoxe.

Respecto a outros paneles:

- **Mobilidade dos Axentes de Facenda Pública** que levaron praza no último panel: prevese que sexa efectivo na segunda quincena de marzo
- **Panel para corpos xerais (C1 e C2):** a convocatoria está prevista para o mes de abril.